

CMUS



## **PROGRAMACIÓN DE CORO**

GRAO PROFESIONAL

DEPARTAMENTO DE BANDA/ORQUESTRA E CORO

---

## Contenido

1. Introducción .....	2
2. Obxectivos das ensinanzas .....	3
3. Obxectivos específicos .....	4
4. Metodoloxía .....	4
5. Atención á diversidade.....	6
6. Temas transversais .....	7
6.1. Educación en valores .....	7
6.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's) .....	7
7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas .....	7
8. Secuenciación do curso .....	8

### 1. INTRODUCCIÓN

Durante todo o proceso educativo dos estudos musicais, a aprendizaxe dun instrumento realizarase, loxicamente dentro dun marco de certa individualidade. Por iso resulta necesaria, á vez que estimulante, a presenza no currículo de disciplinas que transcendan este compoñente unipersoal da práctica musical e introduzan un elemento colectivo que permita desenvolver capacidades de relación social, necesarias para afondar noutros aspectos da interpretación musical. Devanditos aspectos, á vez, constituirán unha axuda indiscutible para o desenvolvemento do propio instrumentista como músico.

Esta materia busca dar a oportunidade de desenvolver certas destrezas da interpretación musical en grandes formacións, superiores en número ás formacións de Música de Cámara e Conxunto, aos intérpretes de instrumentos que tradicionalmente non se inclúen no repertorio composto para orquestra ou banda (guitarra, piano ou canto).

Se ben o alumnado de Coro non emprega o propio instrumento nesta práctica colectiva, desenvolve non obstante a súa voz como instrumento, o que redunda na súa práctica individual coma parte dun grupo e a contribución á afinación e empaste da textura polifónica. Ademais, coma no caso do alumnado que si cursa a materia de Orquestra, esta práctica colectiva reforza, complementa e consolida os contidos de Música de cámara e Conxunto, materias estas, que si forman parte do currículo de todas as especialidades.

### **FUNDAMENTACIÓN LEGAL**

A presente Programación didáctica baséase, en primeiro lugar na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, que incide nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade *proporcionar ao alumna dunha formación artística de calidade*. Por iso, todos os departamentos constituíntes do conservatorio deben mellorar os aspectos que, anteriormente, puideron desatenderse.

---

Dado que a LOE, concede total liberdade ás comunidades autónomas, a comunidade de Galicia desenvolveu os Decretos 198/2007, e 203/2007 do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental e Profesional das ensinanzas de réxime especial de música.

Este Decreto complementábase co Decreto 223/2010, do 30 de setembro, que establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais en Galicia e a orde do 4 de agosto de 2011 que desenvolve o citado decreto.

Por último, é necesario ter en conta a Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

## **2. OBXECTIVOS DAS ENSIANZAS.**

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes;

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as función e as transformacións nos contextos históricos.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro mais del ou para actuar como responsable de conxunto.
- Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fora dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas esixencias das obras.
- Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e as épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

- 
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

### **3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- § Dominar o propio instrumento (voz) de acordo coas esixencias do repertorio e en función do curso.
- § Utilizar o oído interno como base de afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- § Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlles á voz capacidade de resistencia.
- § Decatarse da importancia de escoitar ao conxunto e de integrarse nel para contribuír á unidade sonora.
- § Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.
- § Coñecer e saber reaccionar correctamente aos xestos propios da dirección coral e as súas indicacións en canto a tempo, dinámica, agónica, fraseo, articulación, etc.
- § Ler a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras.
- § Asistir con puntualidade a cada una das sesión de clase e amosar una actitude positiva ante a materia así coma interese pola adquisición de novos coñecementos.
- § Ser consciente da importancia que teñen as normas e regras internas que rexen a actividade musical en calquera agrupación asumíndoas coma propias: manter a atención de forma continua, valorar positivamente o traballo colectivo e dos compañeiros, manter unha actitude correcta e educada durante as explicacións e/ou interpretación dos compañeiros, etc.
- § Adquirir uns hábitos de estudo correctos que permitan un aproveitamento efectivo do traballo realizado en cada una das sesión de clase.
- § Participar en todas as actividades e actuacións públicas nas que participe a agrupación, salvo ausencia motivada que debe xustificarse debidamente, coma fin lóxico do traballo realizado e da actividade musical de calquera intérprete.
- § Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental coma a doutras culturas, facendo así patente a importancia que esta ten na formación musical integral e de calidade.

### **4. METODOLOXÍA.**

A metodoloxía do ensino musical require de un tratamento especial segundo o tema que se aborde en cada momento, o perfil psicolóxico de cada alumno e as súas características específicas.

Metodoloxía de orientación:

- Ensino do instrumento é individualizada no seu maior parte, aínda que pode incluír clases colectivas.

- 
- Estilo de ensino é recíproco, é dicir que o profesor dá coñecementos ao alumno, pero este tamén investiga e pregunta achega das súas inquietudes, sacando as súas propias conclusións.
  - Os medios que podemos utilizar nas clases de trombón poden ser auditivos (discos, gravacións), escritos (partituras, textos), audiovisuais (vídeos, retroproectores, fotografías) e materiais (tubos, pelotas, aparellos de respiración, etc...)

Os **PRINCIPIOS METODOLOXICOS** que rexen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- Autonomía: cada alumno/a será orientado nos ensaios colectivos, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisión por si mesmo.
- Creatividade: ó tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir cos alumnos non repitan soamente o que nos dicimos e pedimos.
- Convivencia: fomentarse en todo momento o mellor clima de cordialidade e respecto entre o alumnado, ademais de aprender a traballar en equipo.
- Interdisciplinaria: buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que curso o noso alumnado para dotalos dunha maior significación.

Os **MÉTODOS DIDÁCTICOS** a decidir para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- Modelo Constructivista: tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade e práctica.
- Aprendizaxe significativa: este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realizárase construíndo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situación. Para que isto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:
  - Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten una finalidade, así como fomentando o bo clima da clase, a confianza en si, etc.
  - Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.
  - Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica
  - Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.

---

## **5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Faise necesario considerar a atención ao ANEE (alumnado con necesidades educativas específicas), que inclúe estranxeiros, superdotados e os que posúen necesidades educativas especiais, sexa por sufrir unha discapacidade física ou psíquica (sobre todo nas ensinanzas de réxime xeral).

### **Alumnado estranxeiro**

Os dous problemas mais destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudo, nalgunhas zonas exclusivamente ligadas á práctica instrumental). O principio de integración pasa por coidar as actividades formuladas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país..). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedemental deste tipo de ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos procurárase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de forma que a súa integración véxase favorecida.

### **Superdotación intelectual**

Defínese ao individuo superdotado como aquel que posúe aptitudes excepcionais e polo tanto, capaz de obter un rendemento superior á media. O Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente, trata no seu artigo 9 os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveis para os alumnos superdotados intelectualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica para dito alumno.

Hai que distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados, debemos engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no R.D 943/2003, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o seu curso), de xeito que poda render segundo as súas propias capacidades.

### **Alumnado con necesidades educativas especiais**

A atención á diversidade chega ao seu máximo expoñente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden

---

precisar unha adaptación dos recursos materiais, ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, coa conseguinte adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, xa que como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación, ou sobre a maneira de asumir o seu problema.

Dadas as características de estas ensinanzas, non se considera na P.D. a existencia de alumnado con discapacidade intelectual, aínda que si con discapacidade física, pero si se dera ese caso tomaríanse as medidas oportunas para salientar ou adaptarse a ese problema, dependendo da discapacidade intelectual.

## **6. TEMAS TRANSVERSAIS**

### **6.1. Educación en valores**

Con esta programación farase fincapé na educación en valores:

- Inculcar e fomentar o rexeitamento a calquera tipo de discriminación baseada en diferenzas de sexo, raza, clase social e ideoloxía e categoría profesional (Educación para a PAZ e Educación para a Igualdade de Oportunidades de ambos sexos e prevención da violencia de xénero): nas clases colectivas, actividades como cantar, favorecen as relación entre o alumnado.
- Adquisición de hábitos da vida saudable e deportiva (Educación para a Saúde). A respiración, o coñecemento do corpo, as técnicas de relaxación, etc., permiten ao alumnado apreciar a importancia do coidado da saúde.
- Educación ambiental, respecto pola natureza e os seres vivos.
- Coñecemento das crenzas, actitudes e valores da nosa tradición e patrimonio cultural. A música en si mesma é patrimonio cultural de todos os pobos. Nestas clases faremos fincapé na tradición propia como a estranxeira, valorando a riqueza da que dispoñemos para formarnos como persoas.

### **6.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)**

No referido ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) , a utilización dos medios informáticos supón un importante complemento para o traballo na aula, ampliando os recursos e procedementos. Tamén pódesele pedir aos discentes a busca de información, ou ben críticas de prensa, música de filmes, visita a páxinas web de música clásica, etc.

## **7. ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS.**

O departamento didáctico dentro das disponibilidades do centro, organizará diferentes actividades, co fin de complementar a aprendizaxe da materia, e mediante a participación activa de todo o alumnado.

---

Ditas actividades consistirán en recitais, concursos temáticos, concertos didácticos, saídas a exposicións, concertos e diferentes actividades relacionadas coa música.

## **8. SECUENCIACIÓN DO CURSO**

Tanto os obxectivos coma os contidos e os criterios de avaliación e de cualificación que se enumeran a continuación son comúns a todos os cursos (de 1º GP ata 6º GP) nos que se imparte esta materia, o que si cambia, obviamente, é o grao de logro esixido para cada un de eles en función do curso ao que se apliquen.

### **8.1 Obxectivos**

- § Dominar o propio instrumento (voz) de acordo coas esixencias do repertorio e en función do curso.
- § Utilizar o oído interno como base de afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- § Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlles á voz capacidade de resistencia.
- § Decatarse da importancia de escoitar ao conxunto e de integrarse nel para contribuír á unidade sonora.
- § Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.
- § Coñecer e saber reaccionar correctamente aos xestos propios da dirección coral e as súas indicacións en canto a tempo, dinámica, agónica, fraseo, articulación, etc.
- § Ler a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras.
- § Asistir con puntualidade a cada una das sesión de clase e amosar una actitude positiva ante a materia así coma interese pola adquisición de novos coñecementos.
- § Ser consciente da importancia que teñen as normas e regras internas que rexen a actividade musical en calquera agrupación asumíndoas coma propias: manter a atención de forma continua, valorar positivamente o traballo colectivo e dos compañeiros, manter unha actitude correcta e educada durante as explicacións e/ou interpretación dos compañeiros, etc.
- § Adquirir uns hábitos de estudo correctos que permitan un aproveitamento efectivo do traballo realizado en cada una das sesión de clase.
- § Participar en todas as actividades e actuacións públicas nas que participe a agrupación, salvo ausencia motivada que debe xustificarse debidamente, coma fin lóxico do traballo realizado e da actividade musical de calquera intérprete.
- § Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental coma a doutras culturas, facendo así patente a importancia que esta ten na formación musical integral e de calidade.

### **8.2 CONTIDOS**

- § Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal.
- § Vocalizacións, entoacións de acorde e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.



---

§ Práctica da memoria como elemento reitor da interpretación.

§ Desenvolvemento da audición interna como elemento de control de afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto.

§ Entoación de intervalos consoantes e disonantes en diferentes graos de complexidade para afianzar a afinación.

§ Práctica da lectura á vista.

§ Análise e interpretación de repertorio de estilo polifónico e contrapuntístico a catro e máis voces mixtas con o seu acompañamento instrumental.

§ Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.

§ Valoración do silencio como marco da interpretación.

§ Interpretación dos textos que favorezan o desenvolvemento da articulación, a velocidade e a precisión rítmica.

§ Análise e interpretación de obras de repertorio coral de diferentes épocas e estilos, así como doutros xéneros e outros ámbitos culturais.

### 8.3 AVALIACIÓN

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso **obxectiva**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, **transparente**, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e **acesible**, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

#### 8.3.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

§ Demostrar un coñecemento e dominio suficiente da técnica da voz propia no repertorio traballado dentro da materia.

§ Amosar sensibilidade auditiva na afinación e reflexos para a súa corrección tanto individual coma na interpretación en grupo en cada unha das obras traballadas ao longo do curso.

§ Interpretar con corrección rítmica e de lectura tódalas obras traballadas individual e colectivamente segundo as indicacións do director/a.

§ Amosar sensibilidade auditiva en relación á sonoridade, timbre e dinámica propia así coma o empaste dentro do grupo e corrección dos planos sonoros conforme ao indicado polo director/a.

---

§ Interpretar con corrección en canto ao fraseo individual coma colectivamente segundo o indicado polo director/a no repertorio traballado.

§ Reaccionar correctamente aos xestos do director/a e as súas indicacións en canto a tempo, dinámica, agónica, fraseo, articulación, carácter, etc.

§ Respecto en todo momento as normas básicas referentes á asistencia, puntualidade e actitude ante a materia.

§ Coñecer e asumir como propias as normas e prácticas habituais dentro das agrupacións instrumentais (atención continua, valoración positiva do traballo colectivo e dos compañeiros, actitude correcta e educada en cada una das sesión de clase – ensaio e nas actuacións públicas...)

§ Amosar no traballo do repertorio uns hábitos de estudo correctos e apropiados.

§ Participar en todas as actividades e actuacións públicas nas que participe a agrupación, salvo ausencia motivada e xustificada debidamente.

### 8.3.2 MÍNIMOS ESIXIBLES

Todo o alumnado deberá ser capaz de interpretar con fidelidade á partitura a parte correspondente de todas e cada unha das obras traballadas ao longo do curso, sendo capaces de seguir as indicacións do director/a e mantendo un seguimento auditivo de cada un dos aspectos sonoros relevantes na interpretación musical do coro (afinación, sonoridade, empaste, planos sonoros, fraseo, precisión rítmica, articulación...)

### 8.3.3 PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O Profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

§ Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.

§ Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.

§ Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.

§ Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquera fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.

### 8.3.4 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

§ **40%** da cualificación: respecto ás normas básicas de actitude e asistencia a cada unha das sesións de clase e actividades e/ou concertos(\*): asistencia; puntualidade; participación e actitude correcta ante a materia.

§ **30%** da cualificación: dominio e grao de consecución dos obxectivos de carácter conxunto da agrupación, dentro da súa corda: afinación, empaste sonoro e dinámico; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo; e reacción as indicacións do director/a.

---

§ **30%** da cualificación: dominio e grao de consecución dos obxectivos de carácter individual na práctica vocal en cuarteto (un por voz): técnica vocal; afinación, sonoridade e dinámica; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo; e hábitos axeitados de estudo na casa.

### **8.3.5 CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA**

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

É preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que está matriculado inicialmente.

## **8.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN**

### **8.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios**

§ Perda de avaliación continua.

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia. Dita proba consistirá en:

A. Proba de carácter escrito ou oral no que se demostre o coñecemento das obras traballadas ao longo do curso, dos seus compositores e dos períodos artísticos nos que foron compostas e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación.

O resultado desta parte terá un peso do **20%** sobre a nota final da proba.

B. Interpretación dentro dunha agrupación vocal (coro) de varias obras de dificultade acorde ao curso, a elección do profesor(\*). O repertorio a presentar polo alumno/a para esta proba, irá en función do curso e será o seguinte:

· 1º e 2º Curso do Grao Profesional: 3 obras a tres ou catro voces sinxelas, homofónicas e de harmonía tonal, de nivel acorde ao curso.

· 3º Curso do Grao Profesional: 4 obras a tres ou catro voces sinxelas, homofónicas e de harmonía tonal, de nivel acorde ao curso.

· 4º Curso do Grao Profesional: 2 obras a tres ou catro voces sinxelas, homofónicas e de harmonía tonal, de nivel acorde ao curso; e máis 2 obras a catro voces de dificultade media e de distintos períodos

---

históricos e/ou estilísticos, homofónicas ou de contrapunto sinxelo, de harmonía tonal e forma sinxela, de nivel acorde ao curso.

· 5º Curso do Grao Profesional: 4 obras a catro voces, de dificultade media e de distintos períodos históricos e/ou estilísticos, homofónicas ou de contrapunto sinxelo, de harmonía tonal e forma sinxela, de nivel acorde ao curso.

· 6º Curso do Grao Profesional: 5 obras a catro voces, de dificultade media e de distintos períodos históricos e/ou estilísticos, homofónicas ou de contrapunto sinxelo, de harmonía tonal e forma sinxela, de nivel acorde ao curso.

Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: afinación, empaste sonoro e dinámico; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo; e reacción ás indicacións do director/a. O peso desta parte na nota final da proba será do **80%**.

*(\*) Nota importante: para a realización da parte B da proba o alumno/a deberá aportar os intérpretes necesarios para a formación de un grupo vocal que faga posible a avaliación dos aspectos sinalados, en calquera caso como mínimo ese grupo deberá constar con un cantante por voz e/ou parte. En caso de dúbida será o profesor/a o que indique expresamente cal será o mínimo necesario para a avaliación de dita parte da proba.*

#### § Avaliación de materias pendentes

O alumnado que teña pendente de aprobar a materia do curso anterior ó que estea matriculado terá dereito de asistir ás clases da materia pendente. A avaliación será continua e cos mesmos parámetros e características que a avaliación ordinaria (punto 8.3 desta programación).

### **8.4.2 PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO**

A proba consistirá en:

A. Proba de carácter escrito ou oral no que se demostre o coñecemento das obras traballadas ao longo do curso, dos seus compositores e dos períodos artísticos nos que foron compostas e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación.

O resultado desta parte terá un peso do **20%** sobre a nota final da proba.

B. Interpretación dentro dunha agrupación vocal (coro) de varias obras de dificultade acorde ao curso, a elección do profesor(\*). O repertorio a presentar polo alumno/a para esta proba, irá en función do curso e será o seguinte:

· 1º e 2º Curso do Grao Profesional: 3 obras a tres ou catro voces sinxelas, homofónicas e de harmonía tonal, de nivel acorde ao curso.;

· 3º Curso do Grao Profesional: 4 obras a tres ou catro voces sinxelas, homofónicas e de harmonía tonal, de nivel acorde ao curso.

---

· 4º Curso do Grao Profesional: 2 obras a tres ou catro voces sinxelas, homofónicas e de harmonía tonal, de nivel acorde ao curso; e máis 2 obras a catro voces de dificultade media e de distintos períodos históricos e/ou estilísticos, homofónicas ou de contrapunto sinxelo, de harmonía tonal e forma sinxela, de nivel acorde ao curso.

· 5º Curso do Grao Profesional: 4 obras a catro voces, de dificultade media e de distintos períodos históricos e/ou estilísticos, homofónicas ou de contrapunto sinxelo, de harmonía tonal e forma sinxela, de nivel acorde ao curso.

· 6º Curso do Grao Profesional: 5 obras a catro voces, de dificultade media e de distintos períodos históricos e/ou estilísticos, homofónicas ou de contrapunto sinxelo, de harmonía tonal e forma sinxela, de nivel acorde ao curso.

Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: afinación, empaste sonoro e dinámico; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo; e reacción ás indicacións do director/a. O peso desta parte na nota final da proba será do **80%**.

*(\*) Nota importante: para a realización da parte B da proba o alumno/a deberá aportar os intérpretes necesarios para a formación de un grupo vocal que faga posible a avaliación dos aspectos sinalados, en calquera caso como mínimo ese grupo deberá constar con un cantante por voz e/ou parte. En caso de dúbida será o profesor/a o que indique expresamente cal será o mínimo necesario para a avaliación de dita parte da proba.*

## 8.5 RECURSOS DIDÁCTICOS

### 1ª Avaliación

- |                |   |
|----------------|---|
| -Ipharadisi    | Tradicional South African.                        |
| -Canção do mar | Letra. Federico de Brito Música: Ferrer Trindade. |
| -Maite         | Pablo Sorozabal.                                  |

### 2ª Avaliación

- |                           |   |
|---------------------------|---|
| -Hijo de la luna          | José y Nacho Cano. Versión coral: Gregory Pino.                   |
| -Kumbaya my Lord          | Canto Espiritual de Carolina del sur. Versión coral: Rafael Pérez |
| -Hablame del mar marinero | Letra: Rafael Alberti Música: M. Alejandro Versión coral: A. Viro |

### 3ª Avaliación

- |               |  |
|---------------|--|
| -Negra Sombra | Letra. Rosalía de Castro Musica: Juan Montes |
|---------------|--|

*(\*) Nota importante: En función do nivel do coro, estas obras poderán ser modificadas durante o curso académico polo profesor/a.*

---

## **9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.**

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas.

Estes aspectos, así coma calquera outra idea ou proposta de mellora será incluída na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento de Conxunto para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro.
- **Contidos:** validez na súa elección con respecto aos obxectivos e adecuación ao nivel do alumnado.
- **Actividades:** atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe.
- **Criterios metodolóxicos:** adecuación e coherencia dos mesmos.

**Os medios e recursos:** avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.

**A avaliación:** idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos; entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos; e correlación entre os criterios de avaliación, os mínimos exixibles e os criterios de cualificación.

**Alumnado:** relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

### **10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

A Materia de Coro está adscrita ao Departamento de Conxunto, polo que os profesores que imparten a materia participaran na avaliación deste departamento. Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Na memoria final do Departamento de Conxunto farase constar todos os aspectos ou acordos relevantes a este respecto, e a ter en conta de cara ao curso seguinte.

Neste proceso tamén se terá en conta a análise das enquisas de satisfacción do alumnado, así coma posibles aportacións que xurdirán nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, ou do resto do profesorado do centro.

---

Amáis, nas reunións do departamento trataranse outros aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento ou o centro para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.

## **11. ANEXOS**

### **11.1 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º e 6º do Grao Profesional**

A proba consistirá na interpretación total ou parcial, a criterio do tribunal, e de modo individual das obras e/ou fragmentos indicados previamente. No momento da matrícula á proba de acceso, o aspirante deberá solicitar no centro o repertorio a preparar para esta proba. Dito repertorio será seleccionado polo profesorado da materia cada xuño.

### **11.2 Contidos**

Os contidos serán os mesmos que os indicados nesta programación correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

### **11.3 Criterios de avaliación e cualificación**

Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados nesta programación correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

O único criterio de cualificación será o seguinte:

- Interpretación individual de obras, ou fragmentos das mesmas, de entre as previamente sinaladas, na súa parte correspondente, a escoller polo tribunal.

Os aspectos a ter en conta na cualificación desta proba serán os seguintes: técnica vocal; afinación, sonoridade e dinámica; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo. Esta parte terá un peso do **100%** sobre

## **12. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO**

Segundo a *Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza*, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.

Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

O departamento didáctico correspondente á especialidade instrumental do alumno/a establecerá os criterios valorativos para a obtención de dito premio